

# O TIO MARCOS D'A PORTELA

Os mandamentos d'a Marcos  
fóra d'airexa, son seis:  
facer á todos xusticia,  
non casarse con ninguen,  
falar o gallego enxebre,  
cumprir co que manda a ley,  
loitar pol-o noso adianto  
con entusiasmo e con fé,  
vestir calzós e monteira  
peromnia sécula amen.



Tenén os pobos a gala  
no seu lenguaxe falar:  
fálase chino n-a China,  
portugués en Portugal,  
catalán en Cataluña,  
e n-a Alemania, alemán,  
soi'o os gallegos? agora  
hasta vergonza lle dá  
falar a melosa e dolce  
fala que falan seus pais.

## PARRAFEOS C'O POBO GALLEGO

Ano sesto

Ourense 12 de Outubre de 1884.

Parrafeo coarenta e oito

### O OUTONO N-AS ALDEAS.

¡Abofellas que as recolleitas d' este ano foron abondosas! Parés que a diosa Cérès, concedendo que boa falta nos faguía, encheu de sabrosos froitos hastra rebordar o corno d' a fartura.

Estamos n-o Outono: as anduriñas fórone, escomenzan á cair as follas d' os álborees, a natureza ispeste d' as suas galas; mais inda o courisco non tolle, nin a neve coroa as montañas; inda non oubelan os lobos n-a serra, nin os pequerechos que gardan o gando andan ateridos e' o frio pol-as congostras d' o monte.

Non é o Outono unha leda estacion com' a primadeira; non pian os paxariños n-as albedas, nin groman as carqueixas n-os touzales, nin as froles n-os agros: xa escomenza o corazon á sentir non sei que vaga malanconia ó morrel-as tardes, y-as noites xa se cobren co-eses mantos de negruras d' as noites de inverno; pero ven á ser o Outono unha d' as estaciōs mais feiticeiras pr' o labrego, porque n-ela asosega un pouco d' o seu constante traballo, e vé con riseiros ollos as cubas cheas de recendente viño n-as bodegas y-os hórreos acogulados de grau n-a eira.

Non sinte n-o seu corazon o desasosego, nin

ten medo á que os tronos fagan estrozos n-os semeados; non anda rondando a fame pol-a porta d' o seu lar, nin é levado á xusticia pol-o vinculeiro, cobizoso de se cobrar d' os atrasos d' a renda, e n-un trimestre, pol-a curta, vive libre d' as noxosas visitas d' o recaudador, que vay á facerlle o embargo d' os bés, ou á notificalo d' os recaudos que lle cairon riba d' as costas pol-a mordre de non pagar os trabucos á tempo.

Os labregos asosegan e folgan n-o Outono com' os guerreiros d' outros tempos, que dempois de conquerir validosos trunfos c' o seu esforzo, iban ó curruncho onde naceran á descansar d' os traballos d' a loita n-o amante seo d' a familia, ó calor d' o lume d' a lareira d' a sua casa, alcontrando esquecementos e consolos pr' os horrores d' a guerra n-as dolces conversas d' os seus pais xa velliños, d' as suas hirmás feitas mozas, e de todol-os parentes, que degorando ter conocemento d' as suas fazañas, esculcaban á perguntas canto lle socedera e pol-as que pasaran namentres andiveran lonxe d' a terriña.

As aldeas adequien n-o Outono vida nova, animacion e non acostumado movemento. Nammentres que un fato de mulleres acúpanse n-a escasula d' o millo, andan os mozos facendo as

voltas n-a bodega, y-os aturuxos resoan por todal-as congostras, misturándose c' o renxer d' os carros que chegan tan cargados, que fan qrebar os eixes. O patron d' a casa, o coitado vello, non pensa com' as mais d' as veces n-os dias d' a sua xuventú que se foron voando, nin n-as coitas que o afrixen de cote. Bota pol-os dedos á conta d' o que lle pode render a recolleita, e como si tivese un alzadeiro n-a memoria, n-ela vay soparando os moyos de viño, os ferrados de centeo, patacas e millo que ten que pagar pol-as rendas e rédetos, hastra chegar á saber, e de xeito que non haxa engano, o que lle queda pr' o goberno d' a casa.

Non é milagre que anque n-o Outono non pien os páxaros, nin gromen as froles, nin s' amostre a natureza esprandorosa e garrida, sintan os labregos n-o seu corazon a mais pura, a mais fonda, a mais riseira d' as legrías.

Por eso non ten ningunha estacion d' o ano, comparanza co-a d' Outono n-as aldeas.

¡Cántos d' os gallegos que vivan lonxe d' a sua terriña e collan n-as maus este parrafeo, sintiran latexar con mais forza as estranías que levan n-o espirto y-as saudades que non escorrentan d' o pensamento, ó lembrarse d' a escasula, d' a vendima, d' a castañeira, d' o rexenerador movemento, d' a animacion, d' a barulleira legría que n-esta época d' o ano fan un feitizado paraíso d' as nosas aldeas!

¡Cántos c' o pensamento en Galicia, como si a tiveran diante d' os ollos, como si respiraran os seus airiños, terán un recordo pr' os adourados país que rezan pra que Dios lles dea sorte, pr' os amigos que non-os esqueceron e cobizan volteos á ver, ou pr' aqueles amados seres que dormen o derradairo sono n-unha cova d' o adro d' a eirexa, e que foron n-os *tempos vellos* compaíeiros e testigos d' os seus praceres e tristuras, d' os seus amores, de todo canto compon a vida d' os seus recordos!

### A GALICIA.

N-O SEGUNDO CENTENARIO D' O NACIMENTO D' O SÁBEO FEIXÓO. (\*)

¿Qué corazon non ten hoxe latidos?  
¿Qué lábeo tendo voz agora cala?

#### I

Pátria d' o meu amor! Ben faga o dia  
en qu' as grandezas de Feixóo gabando

(\*) Premiada c' un pensamento d' ouro e prata n-o certame literario celebrado á honra d' o Maestro Feixóo en Ourense o 8 d' Outubre de 1876.

tamen te gabas tí; santa legría  
o noso corazon vai inframundo,  
ó ver o sol divino d' a Xusticia  
con refuxente luz, aluméando  
o espranderoso ceo de Galicia.

Ben faga, miña terra,  
o ilustre xenio que con mao forzuda  
ó mundo d' os enganos fixo guerra,  
lembrou a cencia e confondiu a duda.

Ben faga o craro, murmurante Mino,  
que máinio, bica o lar, onde n-o mundo  
apareceu Feixóo; cantos cariño  
darlle souberon con sentir profundo;  
o vento que arrolou con melodía  
o seu verce, y-os páxaros parleiros  
qu' ó piar entr' os débres ameneiros,  
n-a sua yalma, espertaron a poesía  
d' a maxestá de Dios, que fixo un dia  
con un sopro de luz, mundos enteiros.  
¡Saude, bendicion, Galicia nobre!  
feiticeiro xardin, niño d' encanto;  
hoxe a groria inmortal que te recobre,  
ardendo en pátrio amor, eu lembro e canto.  
Cantade vos tamen, hirmaus queridos,  
n-a nosa tenra, melosiña fala;  
¿qué corazon non ten hoxe latidos?  
¿qué lábeo, tendo voz, agora cala?  
Cantade vos tamen; cantai a Historia  
d' o xenio que de cote eu ademiro:  
cantade os trunfos, a vertú, a groria,  
d' o sábeo pensador de Casdemiro.

#### II

Moy poucas veces n-o enloitado ceo  
d' a Humanidá chorosa y-afrixida,  
amóstrase, pra ben, limpo, seréo,  
un lumiñar de salvacion e vida:  
craro sol qu' espaventa d' os enganos,  
as derradeiras tréboas, e locindo  
fulxente n-os currunchos mais estranos,  
vai as almas pr' o adianto redimindo:  
mau misteirosa, que pra un sigro novo,  
vai botando a semente d' unha idea  
nova tamen, n-o barulleiro pobo,  
n-a queda vila, n-a riseira aldea:  
águia voadora que feliz traspondo  
con fortes aás a rexion d' o vento  
chega preto de Dios; alí con fondo,  
subrime sentimento,  
ali, pol-a atracion d' o pensamento,  
bebe n-as fontes d' a inmutabre cencia,  
olla n-os séos d' o saber profundo,  
e vólvese pr' o mundo  
lostregando vertu e sabidencia.  
De tal sorte, Feixóo, pra mor vitoria  
d' a pátreia qu' o seu nome ten en moito,  
brilante apareceu; sendo pra groria,  
pra relembranza d' a gallega Historia,  
o lumiñar d' o sigro dazaoto.

#### III

¿E quen non-o recorda; quen non rinde  
a alma c' o mais puro arroubamento

ô de xenio e saber vivo protento,  
a este gallego sol? Ay, vinde, vinde,  
fillos d' a miña terra,  
chegade aixiña á bendecil-o nome  
d' o que facendo ó fanatismo guerra  
ergueu ó ceo a dinidá d' o home!

D' o espiritu que xigante,  
adiantándose ó sigro en que vivia,  
con esforzo puxante,  
fixo rezusitar libre, trunfante,  
a cencia d' o descreto en que morria:  
d' o que con non oubido  
universal e misterioso acento  
os sábeos rechamou, pra ser vencido  
ou vencer n-o loitar d' o pensamento:  
de Feixóo, luz brilante,  
de quen, en arredor, cal volvoretas  
acodian os homes pensadores,  
filósofos, poetas,  
d' aquel tempo somido en cen errores;  
d' aquel sigro que solo a groria tivo  
de ter por fillo á sábeo tan xigante,  
d' a grandeza de Diós refrexo vivo.

## IV

A falangueira fama  
o seu nome inmortal vai pregoando  
pol-a terra y-o mar; hoxe Galicia,  
ilustre pobo qu' as grandezas ama,  
a sabidencia de Feixóo gabando.  
gaba tamen seu nome con xusticia.  
¡Pátria d' o corazon! Tí qu' es pra groria  
o verce d' este sol, encarnamento  
d' o xenio, d' o saber e d' o talento;  
xa que pra mor lembranza d'a tua historia  
festexas con amor seu Nacemento;  
non por mais tempo deixes esquecida  
a fonda cova qu' as suas cinsas garda:  
¡non pode ter felicidá comprida  
pobo qu' en coroar seus xenios tarda!



O CRIS DE LUA.

Moito deu que falar o cris porque pasou a  
lua a noite d' o catro d' o mes que corre. Os  
astrónomos andiveron d' antemau componendo  
ostelescopios pra s' enteirar, guichando por aque-  
les antiollos o que pasaba n-o astro d' a noite.

Algúns homes sabidos contan que co-a axuda  
d' un telescopio d' os que fixeron novos, ja lua  
vese á distancia d' un carto de legoa, de xeito  
que si os homes poideran andar como ver, alcon-

trariámonos con que pra chegar a lua dende a  
terra, non habería mais que andar a carreiriña  
d' un can.

Non falta quen debane os meolos pra esculear  
si a lua ten habitantes, e pol-o menos xa se dixo  
que ten atmosfera e mares e montes, d' o que  
saco eu en limpo que tamen haberá peixes, pa-  
xaros, sapos, cobras, cabras e lobos.

O que non haberá por aló serán trabucos e  
rendas, nin papel sellado, nin gardas de portas,  
nin diñeiro a rédetos, nin vacas a medro, nin  
zumezugas d' a política, nin outras andromenas  
d' esas que nos tenen acabadiños en Galicia,  
pois aquelas xentes que non iñoran pol-as que  
pasamos, porque ven as causas d'enriba pr' abai-  
xo, como as ven os que nos gobernan, xa teán  
tino de que non medren esas malas erbas e farán  
o mais que podian pra nol-as botar ó lombo, pois  
dispoñen de moitos medios pra facelo.

Que n-a lua andan sobros de cartiños, próba-  
mo o feito de que nunca se viro n-apurada de  
lle pasar a conta os nosos auntamentos, pol-a luz  
que nos emprestan n-as noites de luar e co-a  
que temos que alumearnos, inda que non se vexa  
sempre que marca lua o calandario.

A lua teu os seos cris, non tan a miudo como  
o diñeiro n-a faltriqueira d' os probes.

Pol-a mor d' o derradeiro, que foi total, houbo  
ditos e feitos que vos vou a contar, pol-o mesmo  
que veñen ó caso.

¡Alguen puxo ó noso alcalde nos cornos d' a  
lua!—dixeron os d' o Carballiño—e dixérono non  
porque acostume a facerlle sombra, sinón porque  
saben por esperencia que por onde anda o seu  
alcalde, todo queda ás escuras.

O Xan d' a Estrada, que camiñaba de car' a  
vila tanguendo os bois que turraban por un carro  
d' estrume, entrou n-a taberna d' a Xila a botar  
un neto. 'O ent'ar víase como pol-o dia, e como  
non tiña conocemento d' o cris, nin vira n-o ceo  
asomas de nubrado, vendo ó sair a noite negra  
como boca de lobo, coidou que cegara e púxose a  
berrar esconsolado.

A taberneira non lle deu creto e pasóuselle  
pol-as mentres de que o viño que bebera rubíra-  
selle á cabeza, e sin aconsellarse con ninguen,  
temendo que o Xan d' a Estrada non tivese mau  
de sí e chegase a cair debaixo d' as rodas d' o  
carro, foi a contarlle á parienta que o seu marido  
Xan se puxera bêbedo, tan bêbedo qu' iba pol-a  
congostra berrando como si lle metesen un espeto  
pol-os figados.

A parienta, feita unha cadela, surtiulle ó  
camiño cando xa pasara o cris d' a lua.

Iba o Xan sin darse conta d' o que lle socede-  
ra, falando co-él mesmo, entretido en facer me-  
moria como fora aquello, cando a sua parienta,  
que facía agachada tras d' un balado agardando  
a que chegase, erguéuse de súbito e díolle cou  
voz de trono:

—Malos lobos te non coman, condanado!  
¡Queira Diós que outro non bebas!

O Xan que xa non iba muy aviado quedou  
atontecido, e non sabendo que responder botou  
as maus á cabeza.

—Vés bó! —dixolle a parienta— si perderalas malas mañas de beber viño fora de comidas, non che faria falta ter mau d'a cabeza. ¡Anda, anda, vay a deitarte, vay a dormir a mona, que xa terei eu tino de levar o carro! As mulleres d'os bêbedos teñen que facelo todo.

—Pero muller ou demo, ¿tí toleache, ou quéresme volver tolo? ¡Si estou n-o meu sano xuicio, si non botei máis que un vaso!

—¿E logo por qué ó saír d'a taberna te puchechas a berrar e por qué viñas falando solo?

—Porque coidei que cegara, sin ser milagre, pois cando entrei n-a taberna facía un luar que daba xenio, e cando sain nin vin o carro d'os bois. Eu non sei onde mil centellas se meteu a lua n-aquel medio tempo!

—¿E onde s' había meter? ¿Acaso non fai unha noite de luar como poucas, e poderásme negar que non hay n-o ceo xiquera trazas de nubrado? ¡Non sain eu dempois d'anoitecido á recadar o gaudo, e non facía o mesmo luar que agora? ¡Seica... seica...!

—Eu non sei o que foi, pero por estas cruceis que poño ávelas? xúroche que cando sain d'a taberna era noite pécha.

—Que había ser, home, que había ser.

—Pol-o menos a lua nubrouse, eso podo xuclaro.

—O que se nubrou foi a tua cabeza c'o viño que bebiche. ¿Como non se nubrou pra min?

—Pois logo barréuseme a vista.

—O que che se barreu á tí foi a vergonza.

—Teñámol-a festa en paz... Sabela!

Estando n-esto pasou por ali o señor abade d'a parroquia, e dempois de s' enteirar d'a disputa, e de botar unhas risotadas, dixolle á muller:

—Non tes razon, Sabela, nin hay caso pra noxarse: o Xan está dicindo a verdá, e non s' alcontra bêbedo; pol-a contra, con falar o que fala e facer o que fixo, non falou nin fixo nada pol-o que se sacase en limpo que perdera o xuicio, porque foi verdá com o evanxelio que a noite quedou negra como boca de lobo pol-a mor d' o crís de lua que houbo.

A Sabela por non lle chamar mintireiro ó señor abade, calou, e calou deprocatándose de que o facía co-a boa intencion de meter as paces n-o matrimonio, mais inda hoxe ninguen lle tira d'a cabeza que aquela noite o seu marido estaba bêbedo e atestado de viño como unha cuba, e ade-mais ten deprendido que os señores abades, que como homes volven us pol-os outros, pra disculpar as falcatruadas d'os maridos, botan man anque non está escrito n-a Biblia nin n-o Breviario, nin é regra de moral, nin cousa que se lle pareza, acostumánlle a botar a culpa ó crís d'a lua; pol-o que pensa que non hai mellor sinal de crís pras mulleres que cando os homes botan pingas a maiores; apinión d'a que non é gustante a sua veciña Maripepa, a quen lle contou o caso, que sostén que si houbese crís sempre que o seu marido está bêbedo, pasarian anos e anos sin que se vise o sol nin a lua, e solo ela teria a ventaxa de ver as estrelas, y-eso gracias a que llamas fai-

ver o seu marido baténdolle c' un fungo n-o lombo.

Os sabidos inda non deron en facer estudios d' esta caste d'astronomía mecánica.

### POR MOR D' UNHA CAPA:

#### Conto.

Eran Farruquiño

e Marica Xuana,

él, cumprido mozo,

ela, unha rapaza

tan xeitosa e linda,

virxinal e cándeda,

que pra ser un ánxei

faltábanlle as áas:

él, unha monteira

muy repinicada,

chaqueta de pano,

chaleque de grana,

e calzós de rizo,

e camisa branca,

á festas e feiras

decote levaba:

ela, sempre viste

dengue de escalrata,

corpiño axustado,

y-unha muradana

con mais abelorios

que manto de santa.

Quérense ambos moito,

d' amores se falan,

n-o adro d'a eirexa,

n-outeiro d'a praza,

e n-as corredoiras,

e onde lles cadra,

pois en parrafeos

a vida se pasan.

Casarse cobizan,

que as vellas teimadas,

a rosnar comienzan

d'honor d'a rapaza.

Vânsen xunt o abade,

botan as procramas,

fânsen roupa nova,

mercan as suas galas

n-a feira d'a vila,

e ledos agardan

que chegue o promeiro

domingo de Pascoas.

Tardar non se fixo,

que ó tempo ten áas,

y-o víspora á noite,

cando s'alcontraba

pondo leña baixo

d'un pote de papas

que á cachon fervia,

á Marica Xuana,

dixolle o Farruquiño

que chegou d'a sacha:

—C' o teu pai acabó

de falar, e ganas  
teño de deixare  
a boda co-a rábia,  
¡Pol-o San Alberte,  
que o que á min me pasa,  
ténche que lle digan:...  
non lle pasa a nádia!  
Pra casarme, craro,  
facíame falta  
cal todol-os nóibos  
leyar unha capa:  
á teu pái pedinlla,  
pois eu pra mercála  
non teño dous chavos  
nin de que me sallan.  
—»E meu pai que dixo?  
¿dixo que cha daba?  
—Deuime cen mil demos;  
¡mal rayo cho parta!  
¡Dios queira que toupe  
com' unha castaña!  
Dixo que onte mesmo  
vendera unha vaca,  
y en pagar trabucos,  
y-en mercar patacas,  
sal e mais faríña,  
que quedou sin branca.  
—Pois ben, non t' apures,  
qu' eso non val nada,  
pois a nosa boda  
ninguen nol-a empata;  
pra min és o mesmo,  
quérote sin capa.  
—¿Qué non val a cousa?  
¡tí, Marica Xuana  
seica toleaches!;  
primeiro me matan,  
dinantes me deixo  
pofer en talladas,  
qu' ir contigo á eirexa  
sin levar a capa.  
¿Casar eu sin ela?  
vaya, vaya, vaya...  
—Si tal non che oubira,  
qu' és outro pensára:  
¿e dis que me queres?  
¿e inda tes lacha?  
¡renegote, demo!  
estouche aviada  
si pol-o interes  
agora me prantás.  
—¡Cala! non padriques  
que o tempo malgastas,  
penses o que queiras,  
fagas o que fagas,  
d'a idea que teño  
xa ninguen me saca;  
non ten volta o dito,  
forremos palabras,  
eu non vou á eirexa  
si non levo capa.  
—¿Conque logo déixasme?  
—A conta non marra.  
—Entón váite aixiña  
qu' eiqui non fas falta:

hastra me dá noxo  
mirárche pra cara.  
—Pois logo... namentres,  
quedas n' a tua casa,  
eu pr' a miña voume....  
e conta axustada.

N-a nosa terriña  
esto á miudo pasa,  
desfáise unha boda  
por mor d' unha capa:  
que hay moitos Farrucos  
xumentos de carga,  
que un tesouro deixan  
por levar a albarda.



A un mariñeiro de Vilagarcía deulle un es-mayo ou non sei que, e como non volvera en sí pasadas tres horas, xuzárono morto e dempois d' empanalo, tapáronlle a cara c' un pano.

Os seus parentes alcontrábanse chorando es-consolados ó pé d' o leito, y-ó chegar outro mariñeiro que viña a ver o difunto, dixerónlle todos a unha:

—Morreu, morreuche Manoeliño...  
O mariñeiro cicais pra consolalos escramou:  
—Bueno, calade... ¡releche!, si está morto,  
que ll' ides á faguer agora...  
—Ande, enterralo, añadeu outro d' os ali presentes.

O morto que non estaba mais que enfermo, foi erguéndose pouquiño a pouco e dixo con voz doorida:  
—Ay!... por Dios non falen d' esas cousas  
que me poñen triste!

Os que tal viron quedaron atontecidos.



Anunciando unha botica dí un periódico d' a terriña que n-ela se venden bragueiros, xiringas e outras cousas pol-o estilo.

—Pol-o estilo eh?...  
—Xiringote boticario!



O señor marqués de Trives, pol-as contas que bota un veciño d' aquela vila, seica ten que pagar us piques ó Tesouro pol-os dereitos reales d' algúns bés que mercou fai sete anos; mais anque lle denunciaron o feito ó señor delegado d' a Facenda en Ourense, non anda o carro pr' adiantate nin hay maus que teñan forza pra erguer o coyo que puxeron enriba d' a denuncia.

Unha de duas: ou o señor delegado sabe que o Tesouro non quere mais diñeiro que o d' os probes, ou agráchase n-o tocantes a cumplir c' o seu deber, porque lle viu as orellas ó lobo.

Vamos, que ten medo de remexer o negocio.

Si se tratase d' un labrego xa o collerian pol-a sua conta hastra que cichase as cadelñas.

Y-en menos que un galo canta  
habia facer a conta,  
ou embargábanlle a manta  
pol-a mais pequena monta.  
E xa que a cousa se menta  
e pra que o Márcos non minta,  
daralle ó negocio a tenta  
a pruma mollando en tinta.  
Señor Caramés ¿qué fay?  
d' esa denuncia ¿qué foy?,  
pois a bofellas xa vay  
andando a paso de boy.  
¡Adiante co-ese papel  
que non é bula papal,  
non sea pr' os ricos mel  
o que pr' os probes é mal!  
E que non digan que tés  
pra cada can un tustus,  
e que eres pra us Cara-mes  
e pra outros Cara-mus.  
Que non marmuren que fas  
a obrigacion con duas fés,  
mide a todos por un ras  
dend' a cabeza hastr' a res.



Dios é muy bô. ¡Y-o viño? ¡María Santísima!

Sempre que viña á conto botaba esta sentencia o tio Casimiro de Rairo, que as mais d' as veces andaba alumeadoo pol-o espíritu non santo d' o viño, sin deprocatare de que c' o tempo habia ser o viño a causa de moitas algueiradas e falcatrás.

En tocantes ós efectos que fai o viño inda non chegaron á estar acordes os bebedores, pois namentres que us din que bebendo rixe mellor a cabeza e anda o estómago mais agarimado, sostéñen outros que o zumo d' as cepas anda as rabuñadelas pol-o estómago adiante e fai abanear os meolos hastra írenselle á un os pés.

Cicais c' o gallo de formar a sua opinião n-este punto d' a cencia de Noé, dous mozos d' a nosa vila andiveron de baldeo pol-as tabernas botando pingas e vasos á molladas hastra poñerse cuáseque bêbedos.

Xa cansos de mollar a palleta sin tocar a gaita, fixeron mentres de tomar un taco, e non sendo como non é o viño surcidor de voluntades nin inimigo de rifas, armaron unha barullada n-o medio e medio d' a rua d' o Pelourinho pol-a mor d' escollear a taberna onde habian lamber as talladas.

Antoxáraselle á un comér os callos d' a Xenerosa e cobizaba o outro fincarlle o dente ó pulpo d' a Vitoriana, pois por algo de gustos non s' escribe, e como non chegaban á un acordo pol-a

boca, intentaron porse d' acordo co-as maus, dándose unha de lufiadas, que debiu ser d' aquela caste, cando un d' eles escomenzou á sangrar pol-as narices com' un carneiro.

En Ourense non hay algueirada pol-a noite sin sereo, y-apareceu o d' o barrio, que lonxe de facer as paces axudou á metelos n-o lio dándolle a razon a un d' eles, e dándolla con moito traballo, pois cuase non podía remexer a lingua.

D' ali a pouco e cada un co-a sua turca, soperáronse; mais un d' eles, cicais pra consolar a turca que traguia n-a sua compañía, foi colléndose ás paredes a buscar un consolo de car' a ò Posío. ¡Y-o que fai o viño! Terne que terne en que había dormir co-a rapaza, digo c' o Consolo (xa apareceu aquello).

A nay que xa se deitara, y-a nena que se deitara tamen, ó enteirarse d' os antoxos d' o mozo atrancaron a porta; mais vendo que lle daban xeito de botala abaixoo, chamaron polos veciños, e chegou o sereo c' o chuzo, y-entrou o d' a mona, y-as duas mulleres apareceron en camisa diante d' aquel anaco d' autoridade nouturna, e d' aquel moyo de viño en figura de home.

Escea d' o paraiso terreal ó estilo ourensan: dous Adás pasados pol-a mau d' un xastre, e duas Evas con funda.



Si terá d' abao talento  
o alcalde d' o Carballiño,  
que lle chama vento ó vento,  
ó pan pan, y-ó viño viño!  
Pero en habendo unha jota  
trabúcaselle a expresion,  
craro está ¡tocou a gota  
n-o cornetin de piston!  
e d' as ajullas que onte  
enfiou, xa non se dija;  
como que non tira ó monte...  
ó vélas failles a fija;  
e como agora unhas onzas  
lle ruxen n-as faltriqueiras,  
non quere mais guerijonzas  
xastriles nin musiqueiras,  
pois ten a vara n-a mau  
e tena frorida e verde,  
pra dar órdes ó Patao,  
pra servir ó Vilaverde.  
Eu, con premiso de usia  
y-anque perdoe, este alcalde  
pra Ourense non-o queria  
ansi o trouxesesen de valde.



O Eco de Galicia d' Habana, cobiza saber en que parou a causa que por denuncia d' o gobernador Bugallal e pol-a mor de botar unha media firma n-O Eco d' Ourense, istruíu este Xuzgado á señora d' o director d' aquel periódico, Valentín L. Carvaxal, y-en nome d' os admiradores que ten n-aquelas terras este poeta galle-

go, rógalle 'O Tio MÁRCOS que diga o que sepia, pois agradeceránlo moito.

Cando calou *O Eco*, eu non tiña pra que falar; pero como non me doen prendas, e n-eso de cantar as d' o barqueiro, non hay quen me poña o pê diante; como ademais teño compracencia en servir os meus compañeiros de monteira que viven lonxe d' a terrña, direilles que todo aquelo quedou en auga de borralhas, porque a barulleira causa sobreseeuse n a Audencia, onde non van a ramo as xenreiras d' a política e se fay xusticia co-a ley n-a mau.

E nada mais.

**T** O teniente alcalde d' o Carballiño veu o dia sete à feira, e por mais que n-este Aowntamento non ten xurisdicion, traguia un pan de escambrón con bolras negras y-andaba axustando laa. ¡Andar mercando con baston de bolras!

¡Ora o demo!

Eu non sei pra que s' apura a mercar laa, cícais c' o pensamento de cair en brando.

Esa angueira poden dormila... ¡Ou inda non saben que algúns s' acupan en facerelles a cama?

Ademais a que xuncras ven a Ourense a mercar laa, habendo tantos borregos n-o Aowntamento d' o Carballiño?

¡A non ser que non s' aconsellase c' o señor alcalde...! ¡Ou que fixese mentres de vir por laa pra sair trasquilado!

**T** A Esgos non chegan os meus parrafeos estando como quen dí ás portas d' a casa. N-o Barco de Valdeorras quéixanse d' o mesmo, y-algúns de Monforte véñenme dicindo que por aló tamen cocen fabas.

¡Ay señor ademínistrador de Correos d' Ourense, canto lle teria que agradecer este vello si ll' armase unha gayola ós subalternos que non compren c' o seu deber!

Faga por non ser menos que o ademínistrador de Pontevedra D. Antonio Somoza d' a Peña, a quen si eu chego á ministro faría direutor xeneral de comunicaciós en pagas d' o ben que compre, pois pol-o d' agora nin unha queixa tiven d' os suscritores d' aquela provincia.

**T** —Dis que haberá outro cris de lua n-o ano mil novecentos dous.

—¿E tí pensas velo, Roque?

—Fago mentres.

—Pois xa vas andadiño en anos e non sei como será.

—¿Quen pensa n-esas cousas? Eu non penso mais que en facer un antiollo pra miralo á satisfacción.

—Pois pol-o que poda acurrir faino d' a figura da unha caixa de difuntos.



#### CORREO D' O TIO MARCOS.

D. V. L., Villamartin.—Recibín seis reás en sellos pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros de Novembre.

D. M. R. P., Xinzo.—O mesmo hastra fin de ano.

D. S. C., Villafranca.—Recibín doce reás en sellos pol-a sua suscricion hastra fin de Febreiro d' o ano que ven.

D. S. M., Esgos.—Recibín tres pesetas pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros de Marzo d' o ano que ven.

D. X. P., Pontevedra.—Recibín seis reas pol-a sua suscricion hastra fin de ano.

D. M. A., Santander—Astillero.—Recibín seis reás en sellos pol-a sua suscricion hastra fin de ano.

D. X. M. F., Cruña.—O mesmo e ademais doce eadelas pol-os seis parrafeos que se lle mandaron.

D. B. G. S., Acebedo.—Recibín seis reás pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros de Novembre.

D. O. R., Celanova.—Recibín tres pesetas pol-a sua suscricion hastra fin de Marzo d' o ano que ven.

D. X. L. F., Oviedo—Trubia.—Recibín seis pesetas en sellos pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros de Setembre d' o ano que ven.

D. R. M., Nogueira—Cobelas.—Recibín seis reás pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros d' este ano.

D. X. R., Freás de Eiras—Picouta.—Recibín seis reás pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros d' este ano.

D. X. M., Ponferrada.—Recibín tres pesetas en sellos pol-a sua suscricion hastra fin de Marzo d' o ano que ven.

R. P. F. F., Monforte de Lemus.—Recibín tres pesetas en sellos pol-a sua suscricion hastr' o trinta de Xaneiro d' o ano que ven. Mandáronse os parrafeos que pideu menos o promeiro d' o que non hay exemplares.

D. X. R. I., Benavente—Villalobos.—Recibín seis reás en sellos pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros de Novembre.

D. C. C., Ponferrada.—O mesmo pol-a sua suscricion hastra fin d' este ano.

D. X. S. C., Carballiño.—Recibín seis reás en sellos pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros d' este ano.



## O TIO MARCOS D' A PORTELA PARRAPOS GALLEGOS

Sai á luz en Ourense todolos domingos en oito páginas en fólio, contendo artículos de costumes, poesías, efemérides, cantares e contos d' o país gallego.

### SUSCRICIÓN

Seis reás cada tres meses.

### ADMINISTRACIÓN

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscricions é por adiantado.—Os números soltos vénense á dez centimos de peseta.  
— Os pagos faranse en sellos ou letras d' o xirc.

### GALZADO

O zapateiro Garcia  
ten n-a sua zapatería,  
com' é natural, zapatos  
que non s' atopan n-o dia  
tan feitiños e baratos.

Aproveitande a ocasión  
os que tendo ou sin ter rendas  
calzados n-a pobracion:  
está n-a rua d' as Tendas,  
praza d' a Constitucion.

### CONFITERIA

—Pr'adozar o mais que pudo  
as amarguras d'a vida,  
cando teño forro un peso,  
vou gastalo á dulcería.

—A d'o Lis?  
—Non tan alá.

—A d'o Brasa?

—Mais enriba.

—N-aquela qu' está ond' estivo  
o comercio d'a Gallipa?

—N-a mesma, Bastian, n-a misma,  
n-a mesma confitería

qu' o Valcárcel d' Allariz  
estabreceuche n-a esquina  
d'a rua Tetuan por baixo,  
d'a Fonte Nova por riba.

—E teñen alí bos dulces?  
—Si viras, Bastian, si viras  
os atracos que me dou  
de pasteles e rosquillas,  
de mazapás, piñonates,  
e mais d' almendras! Si viras!  
Haíche dulces tan xeitosos  
e cousas tan esquisitas,  
que ó velas alí parece  
que un as degora co-a vista.  
De froita en dolce non fallo,  
de tartas xa non se diga,  
e de rosarios, de cónchegas,  
santiños e paxariñas  
feitas d'o azúcre mais branco,  
haíche ali unha romaría.

—E ten resolío.

—Tamen  
hay toda cras de bebidas,  
d' as que quentan e confortan,  
bébense moito e non chispan.

—Ave Maria de Gracia!

Vámonos á dulcería,

á derreter tres pesetas

que levo eiquí n-a faltrica,  
pois sinto, oubindote, antoxos,  
cal nunca sentin n-a vida,  
de ter unha larpadela  
de cousas tan esquisitas.

—Pois alá que xá, Bastian!  
Pr' aló vámonos eixiña,  
que vale mais tomar dulces  
que brebaxes d'a botica.

